



CONCELLO DE SANTIAGO

BANDO

O Concello de Santiago condena da forma máis enérxica os ataques terroristas perpetrados nas últimas horas en Cataluña, e quere mostrar a súa solidariedade coas vítimas e coas súas familias. Esa solidariedade faise extensiva a toda a cidadanía catalá, e a todas as persoas que sofren este tipo de actos terroristas en calquera parte do mundo.

Santiago, como Barcelona, é unha cidade de paz e de democracia, que aposta pola diversidade. Non existe ningunha xustificación para barbaries como a vivida onte na Rambla, nun atentado que deixou 13 persoas falecidas e preto dun cento de feridos e feridas.

O Concello de Santiago quere tamén manifestar o seu recoñecemento a todos os profesionais dos servizos de emerxencias, que souberon e saben estar á altura das circunstancias en momentos tan duros como os vividos desde a tarde de onte.

Por iso,

DISPOÑO:

- 1.- Que o Concello de Santiago se sume aos tres días de Loito Oficial decretados pola Presidencia do Goberno con motivo do atentado terrorista perpetrado onte, 17 de agosto de 2017 en Barcelona. As bandeiras ondearán a media asta no Pazo de Raxoi ata as 24:00 horas do 20 de agosto de 2017.
- 2.- Manifestar públicamente as condolencias e solidariedade da corporación do Concello de Santiago coas vítimas do atentado terrorista e coas súas familias, así como con toda a veciñanza de Cataluña. A corporación municipal gardará cinco minutos de silencio ás 12.00 horas do día de hoxe, 18 de agosto.

Santiago, 18 de agosto de 2017



O ALCALDE,

Martiño Noriega Sánchez